





1. En relación á responsabilidade disciplinaria, unha falta moi grave é:

- A) O descoido no cumprimento das disposicións expresas sobre seguridade e saúde.
- B) A falta de obediencia debida aos superiores.
- C) A incorrección cos superiores, compañeiros, subordinados ou usuarios.
- D) A prevalencia da condición de persoal estatutario para obter un beneficio indebido para si ou para terceiros, e especialmente a existencia ou aceptación de compensación por quen provea de servizos ou materiais aos centros ou institucións.

2. Entre as competencias da Administración Local e segundo a Lei de saúde de Galicia está:

- A) Aprobación do anteproxecto do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o municipio.
- B) A colaboración, nos termos en que se acorde en cada caso, na construción, reforma e ou equipación de centros e servizos sanitarios.
- C) A aprobación das directrices de política sanitaria da Xunta de Galicia.
- D) Os acordos de creación de hospitais públicos en Galicia.

3. Segundo o Estatuto de autonomía de Galicia son funcións do Parlamento:

- A) Lxercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- B) Dirixir e coordinar a acción da Xunta de Galicia.
- C) Fixar a delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdicionais en Galicia.
- D) O Estatuto de autonomía non fixa ningunha función.

4. Segundo a Lei de saúde de Galicia a quen corresponde a aprobación do Plan de saúde de Galicia

- A) Ao Parlamento de Galicia.
- B) Á Consellería de Sanidade
- C) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- D) Ao Servizo Galego de Saúde.

5. Nun concurso-oposición:

- A) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.
- B) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do cincuenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.
- C) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do sesenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.
- D) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do trinta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

6. Conservarase indefinidamente a seguinte información da historia clínica, segundo a Lei galega 3/2001 , do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) Relación de medicamentos que tomou o paciente.
- B) Informes persoais.
- C) Informes de necropsia.
- D) Informes subxectivos.

